



**BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE
CONCURSO, DE UN PEÓN, A XORNADA PARCIAL (DO 75%), DURANTE 6 MESES, AO ABEIRO
DO “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”**

BASES

1ª.- NORMAS XERAIS

A selección rexerase polo previsto nestas bases; Real Decreto Lexislativo 5/2015 , polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia; Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local; Lei 5/97, de administración local de Galicia; Real Decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1981, de 7 de xuño; Real Decreto 364/95; Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e de acordo coas instrucións da Deputación Provincial de Lugo para a execución do “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019.

2ª.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas propias de peón de obras públicas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Antas de Ulla e, en concreto, de conformidade coa memoria descriptiva das necesidades de contratación para satisfacer os servizos a finanziar ao abeiro do “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, o Concello vai realizar a contratación de persoal para o desenvolvemento das seguintes actuacións e servizos, todos eles incluídos dentro do marco das competencias propias do concello, de acordo co disposto ao respecto no art. 25 LBRL:

- i.Traballos en materia de medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos.
- ii.Traballos en materia de protección da salubridade pública.



3ª.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato de traballo, de catro meses de duración, asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de obra ou servizo, a xornada parcial, do 75%, en horario de 8,30 a 14,30 h..

A data prevista de contratación do/a candidato/a seleccionado/a é o 1 de xaneiro de 2020.

4ª.- RETRIBUCIÓNS

Fíxase unha retribución neta de 828,38 euros, de acordo cos custes salariais incluídos na memoria aprobada ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019.

5ª.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

1.- Para seren admitidos ao presente procedemento os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 65 anos.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentencia firme para o exercicio das funcións públicas.
- e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- f) Ser persoa inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego. Segundo a base 8ª.1 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacóns no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para aqueles casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ó 50% da xornada.

2.- Os anteriores requisitos, deberanse posuér con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.- Será nulo o nomeamento dos que estean incursos nas causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

6ª.- TRAMITACIÓN

1.- O Concello de Antas de Ulla facilitará á Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, unha copia das presentes bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional, así como de calquera outra documentación relacionada co mesmo, en aplicación da base 8ª.2 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019.

2.- O Concello de Antas de Ulla abrirá un prazo de solicitude de participación no proceso selectivo desde o día 28 de novembro de 2019 ata o día 4 de decembro de 2019, ambos incluídos.

3.- A presente convocatoria así como as bases serán publicadas tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla (<http://concellodeantas.sedelectronica.gal/>).

4.- Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no “POGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”, en virtude do cal se realizarán as contratación.

5.- A valoración da fase de concurso terá lugar o día 9 de decembro de 2019, na Casa do Concello de Antas de Ulla, a partir das 10,00 h.

6.- O Concello procederá á contratación das persoas propostas baixo a modalidade de obra ou servizo determinado.

7.- O resultado da selección será publicado tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla.



7ª.- SOLICITUDES

1.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Antas de Ulla, mediante o modelo de instancia que se achega como Anexo I.

2.- O prazo de presentación quedará aberto desde as 9,00 horas do 28 de novembro de 2019 ata as 14,00 horas do día 4 de decembro de 2019, ambos incluídos.

3.- Á instancia acompañarase inescusablemente de:

a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

b) Declaración xurada (Anexo II).

c) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para a participación no proceso de selección.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados que sexan puntuables de acordo ao previsto na base 9ª.


3.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser emendados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

4.- Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido nesta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

8ª.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

O Tribunal de Valoración será colexiado e constará, como mínimo, de Presidente, dous vogais e secretario (con voz e sen voto), que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei de Función Pública de Galicia.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e incidencias que xurdan da aplicación das normas contidas nas presentes bases, e estará facultado para resolver as cuestiós que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos,





así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde deste proceso en todo o que non estea previsto nestas bases.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presencia polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario, titular ou suplente.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Unha vez realizada a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, de acordo cos baremos establecidos nas presentes bases, polo Tribunal se procederá a realizar a entrevista persoal aos aspirantes, de acordo co lugar, data e hora para a realización da mesma publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Antas de Ulla e na sede electrónica.

Os méritos deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados, así mesmo, únicamente os que se aleguen coa presentación da instancia de solicitud (Anexo I).

9º.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección é o de concurso de méritos, cunha puntuación máxima de dez (10) puntos.

1.- O proceso selectivo iniciarase cunha primeira fase de valoración de méritos. A puntuación máxima desta primeira fase será de catro (4) puntos. O Tribunal valorará os méritos dos/as aspirantes admitidos baseándose na documentación aportada durante o prazo de solicitude, consonte a seguinte distribución:

a) Experiencia laboral (máximo 2 puntos)

Desempeñar ou ter desempeñado as funcións do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,050 puntos por cada mes completo. A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial. Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.





Acreditarase mediante a presentación de Informe de Vida Laboral más copia compulsada dos contratos de traballo onde conste a categoría profesional (sendo obligatorio presentar ámbolos dous documentos para a súa valoración) ou ben certificación acreditativa expedida pola entidade contratante onde conste a categoría profesional. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

b) Formación (máximo 1,5 puntos)

- Por posuér o título de Graduado en ESO: 0,25 puntos.
- Por posuér o título de Bacharelato ou o título de Grao Medio en FP ou equivalente: 0,35 puntos.
- Por posuér o título de Grao Superior en FP ou equivalente: 0,60 puntos.
- Por posuér o título de Grao Universitario ou equivalente: 0,70 puntos.

Aplicarase a puntuación referida por unha soa titulación e só pola más alta alcanzada.

- Por posuér o CELGA 3: 0,10 puntos.
- Por posuér o CELGA 4: 0,20 puntos.


Aplicarase a puntuación referida por unha soa titulación e só pola más alta alcanzada.

- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas, a condición de que os devanditos cursos se desenvolvesen nos 6 anos anteriores á presente convocatoria. Ata un máximo de 0,60 puntos, de acordo coa seguinte escala:
 - a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,05 puntos.
 - b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,10 puntos.
 - c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,15 puntos.
 - d) Por cada curso de más de 200 horas lectivas : 0,20 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada da titulación ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

c) Outros (máximo 0,5 puntos)

Por pertencer a algún dos seguintes colectivos con dificultades de integración laboral: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración,





pessoas vítimas de violencia de xénero, e outros que se recollan na normativa sectorial vixente: 0,5 puntos (máximo 0,5 puntos).

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Acreditarase a condición de parado de longa duración mediante certificación do INEM. A fin de acreditar a condición de vítima de violencia de xénero haberán de utilizarse os medios que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero establece ao efecto. E para o resto de casos os/as aspirantes deberán aportar a documentación acreditativa oficial.

2.- Os méritos que se aleguen polos/as aspirantes acreditaranse, como data límite, o día de remate do prazo de presentación de solicitudes. Non se valorarán aqueles que non estean suficientemente acreditados documentalmente.

3.- O proceso continuará cunha segunda fase de entrevista persoal. A puntuación máxima correspondente a este fase é de seis (6) puntos.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

A data para dar a coñecer a realización da segunda fase (entrevista persoal) publicarase tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla.

A entrevista versará sobre aspectos relacionados directamente coas funcións do posto de traballo a desenvolver. O Tribunal cualificador realizará aos aspirantes as preguntas que teña por conveniente para avaliar a súa idoneidade para o posto de traballo, valorando o nivel de coñecementos e a aptitude dos/as aspirantes.

4.- A puntuación final dos/as candidatos/as será a resultante da fase de concurso máis a fase de entrevista. Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal cualificador publicará tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia. Ademais, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

5.- No caso de producirse empates, o Tribunal de Valoración aplicará os seguintes criterios de



prioridade:

Persoas desempregadas maiores de 45 anos con responsabilidades familiares: ter ao seu cargo o/a cónxuge, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, incapacitados ou menores en acollemento.

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.

6.- Será proposta para o posto de traballo convocado a persoa que acadara as maiores puntuacións, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, ou calquera outra continxencia da persoa candidata proposta, sendo requirida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias o requiran.

10ª.- RESOLUCIÓN, DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- A resolución do concurso e o nomeamento serán realizados polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do Tribunal cualificador.

2.- Presentada a documentación restante (número de afiliación á Seguridade Social e IBAN da conta bancaria da súa titularidade onde ingresar as correspondentes nóminas) polo/a interesado/a, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación do/a aspirante seleccionado/a e á formalización do correspondente contrato laboral.

3.- Establécese un período de proba dun mes. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

4.- Mientras non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa designada non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

5.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

11ª.- INCIDENCIAS

1.- A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo



Concello
de
ANTAS DE ULLA
·LUGO·

Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

En Antas de Ulla, a 11 de novembro de 2019.

O Alcalde.

Javier Varela Pérez

Documento asinado electronicamente.



Cod. Validación: 4F46HTOW49FL23RS32PYQNXC M | Corrección: <http://concellodeantas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.es Público | Páxina 9 a 11



Concello
de
ANTAS DE ULLA
·LUGO·

ANEXO I

INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN

1.- POSTO DE TRABALLO Ó QUE ASPIRA: PEÓN, ao abeiro do “Programa POGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”

2.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NOME

Data de Nacemento Lugar de Nacemento Provincia de Nacemento

DNI ENDEREZO CP E MUNICIPIO

PROVINCIA TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

3.- DISCAPACIDADE

Non / Si (Grao%)

4.- DOCUMENTACION QUE SE XUNTA

a.-Fotocopia do DNI.

b.-Fotocopia de todos os documentos xustificativos de cumplir cos requisitos de admisión e dos méritos que se aleguen.

O/a abaixoo asinante solicita ser admitido/a ó concurso ao que se refire a presente instancia e declara que son certos todos os datos obrantes nela e que reúne as condicións esixidas nas Bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figurán nesta solicitude.

Lugar e data:

Sinatura:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA





ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dna., con DNI, en relación coa oferta de emprego do Concello de Antas de Ulla de PEÓN, ao abeiro do “Programa POGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
2. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentencia firme para o exercicio das funcións públicas.
3. Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Lugar e data:

Sinatura: